



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA), PARA QUE SEXA ACCESIBLE COMO PUBLICIDADE ACTIVA, TODA INFORMACIÓN CUXO COÑECEMENTO SEXA RELEVANTE, CON ESPECIAL CONSIDERACIÓN Á QUE AFECTA A TEMAS ORZAMENTARIOS E DE PERSOAL.

Expediente: T.11.Q/28182/17

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia da resolución do expediente RSCTG 50/2017 da Comisión da Transparencia, tramitado a partir dun escrito de reclamación interposto por [REDACTED] no que se indicaban as dificultades que como cidadán tiña nas consultas á páxina web do concello, dado que a información materialmente non está dispoñible cando técnica e xuridicamente debería estarlo e, doutra banda, considera que a páxina web do Concello ten graves deficiencias de todo tipo (información atrasada, información sen contido, imposibilidade de acceso electrónico, etc., etc.) e non é un elemento de participación e información.

Durante a instrución da dita reclamación pola Comisión da Transparencia observouse o seguinte:

“(...) O anterior obriga a inadmitir o recurso, polo que se refire a este aspecto, sen prexuízo de dar o curso adecuado á queixa citada no marco das funcións ordinarias de supervisión das administracións galegas que o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei 6/1984, do 5 de xuño atribúen ao Valedor do Pobo.

O Valedor do Pobo non pode coñecer a denuncia como Comisionado da Transparencia (art. 32 da lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro) debido a que se trata dun asunto relativo a un concello. Estes non se atopan afectados polas disposicións xerais da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, salvo nos casos que expresamente se prevén, como o coñecemento dos recursos substitutivos por actos expresos ou presuntos dos concellos, a resolver pola Comisión da Transparencia (disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

É de indicar que, no que atinxe á primeira cuestión, o recorrente afirma que a documentación que debería estar accesible para información pública non o estivo, impedindo materialmente o exercicio do acceso á devandita información. Porén, no propio acordo municipal publicado no BOP de Pontevedra anúnciase que, en cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das facendas locais, exponse ó público na Secretaría Xeral do Concello, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo se podan formular as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas. Xa que logo, a documentación si estivo accesible, malia que non o estivera en soporte dixital.

É certo que a Ordenanza do Concello de Marín sobre transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, publicada no BOP de Pontevedra o día 8 de outubro de 2015, manifesta no artigo 3,d) que estableceranse as medidas necesarias para que, na medida do posible, o acceso á información pública poida realizarse a través de medios electrónicos, sen necesidade de solicitude previa e de forma inmediata. Tamén se procurará que a publicación e posta a disposición se realice incluíndo ademais formatos electrónicos reutilizables sempre que sexa posible, todo iso sen prexuízo do dereito que asiste ás persoas a elixir a vía de comunicación.

Porén, trátase de principios xerais nesta materia e é no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que se impón unha forma concreta de acceder á información suxeita a obrigas de publicidade.”

Ante iso requirimos informe a ese concello, que xa nola remitiu. Coa información aportada o concello recoñece as deficiencias das páxinas web e di “*é certo que a publicación da documentación pode non estar ó día, xa que priorízase a actualización das partes mais solicitadas polos veciños do noso concello, estando traballando na mellora do acceso a toda a documentación”.*

As corporacións locais están integradas no ámbito subxectivo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Esta lei como principio imperativo e xeral recolle no seu artigo 5 a publicación “*de forma periódica e*

actualizada da información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública”.

O obxecto desta norma é *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento”.*

Tal como recolle o preámbulo desta norma *“A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixes fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que os afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso en que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, exigente e que demanda participación dos poderes públicos.”*

A lei amplía e reforza as obrigas de publicidade activa en distintos ámbitos e establece un catálogo de materias que deben ser publicadas e *“ (...) Por último, establécese a obriga de publicar toda a información que con maior frecuencia sexa obxecto dunha solicitude de acceso, de modo que as obrigas de transparencia se cohonesten cos intereses da cidadanía.”*

A priorización da publicación da documentación coa *“actualización das partes mais solicitadas polos veciños”* implica por tanto, unha aplicación pouco axeitada desta normativa que debe ser corrixida co fin de que os cidadáns e cidadás xa non teñan a necesidade de exercitar o seu dereito de acceso á información pública para aqueles ámbitos nos que a propia lei prevé a obriga de publicidade, ou exercitándoa poidan formalizar o seu acceso nos termos previstos no artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Poñemos no seu coñecemento que existen tanto por parte da FEGAMP como da Xunta de Galicia ferramentas de colaboración coas administracións locais para facilitarlle a publicidade activa.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte RECOMENDACIÓN:

Que o Concello de Marín cumpra o disposto no artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de xeito que sexa accesible, como publicidade activa, toda a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade

relacionada co funcionamento e control da actuación administrativa, nominadamente a prevista nos artigos 6 a 8 da referida lei, e especificamente os que se corresponden coa solicitude do Sr. ██████████;

- Anexo de Persoal correspondente ó exercicio 2017.*
- Memoria da Alcaldía correspondente ó orzamento de 2017.*
- Informe do Sr. Interventor Municipal.*
- Acordo plenario de aprobación do orzamento municipal de 2017.*
- Acordo plenario de aprobación da relación de postos de traballo.*
- Relación de postos de traballo en exposición pública.*
- Informe de Persoal e Intervención sobre reclamacións á RPT.*
- Informe emitido por ██████████.*
- Informe de Intervención de 27 de marzo de 2017*
- Acordo plenario íntegro de data 13/09/2017 de modificación da relación de postos de traballo.*
- Informes emitidos pola Intervención Municipal.*
- Documentación correspondente ás modificacións que dan orixe ó citado acordo.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo